


Libros



NORMAS ORTOGRÁFICAS DEL GALLEGO-ASTURIANO

- Colección Os Libros d'Entrambasaguas n° 15, Academia de la Llingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 2007.
- 65 páxinas.

A Academia da Llingua Asturiana publica, partindo da *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(Dego-asturiano)*, el conxunto de normas col que s'ha a transcribir na escritura a llingua eonaviega.

El libro del que falamos baséase nel texto amañao nos noventa por filólogos y profesores del Navia-Eo cúa dirección d'Ignacio Vares García y José García García, y é úa reedición na que se revisa y se fai normativo un documento que, durante os últimos anos, conseguiu a aceptación social da xente da zona qu'escribe na fala. Trátase d'un modelo ortográfico col que s'identifica a comunidá de falantes, qu'al tempo que marca pautas prá escritura, nun zarra a porta á riqueza que caracteriza ás variedades dialectales da nosa llingua.


FRUXES DA NEBRA

- Autor: Fredo de Carbexe.
- Andolía poesía, n° 2.
- 78 páxinas.

Despós de *Soños de pellegrín* (2006), Fredo de Carbexe (Carbexe, 1967) asoleya *Fruaxes da nebra* (2007), un poemario nel que volve al paisaxe interior de *Mourén dos fondos* (1997). Núa edición bilingüe de ventinove poemas en fala traducidos

al castellano, el ente poético identifícase cúa natureza na búsqueda de lo universal pr'atoparse a sí mesmo. *Fruaxes da nebra* apúrrenos poemas curtiros como a fugacidá dos instantes que conxelan, unde s'espeya el paso fugaz del individuo polla eternidá.


Descubrimos neste llibro un aire de romanticismo que, aunque nas composicións anteriores xa podía osmarse, nun se fai explícito hasta éstos que poden considerarse poemas de madurez.



A TERRA ESQUEICIDA

- Marisa López Diz.
- Colección Albera n° 51, Trabe, Uviéu, 2007.
- 61 páxinas.

Publicóuse el primeiro llibro en gallego-asturiano de Marisa López Diz, que xa cuenta con títulos en asturiano como *Tiempu de tristura* (1998) y el llibro infantil *Poemes de*



carambelu (2006). *A terra esqueicida* (2007) é un canto á señardá d'úa terra na qu'os elementos da natureza se funden cúa voz poética pra espresar simbólicamente os sentimentos: "Inventéi entoncias/ outra forma de nombrar el mundo,/ de falarye al tempo/ cúa lingua branca da lúu/ e col sabor das figueiras".

A neve, el vento, as tardes d'outono, el llume, a escuridá das pedras, y a noite falan da memoria, del dolor y el angustia qu'aforfogan al suxeto poético, qu'atopa acougo únicamente na contemplación y aprecio del paraíso qu'ofrece a naturaleza: "Hoi quero falarche/ de cousas pequenas,/ de cousas que viven/ nel corazón caliente dos bois,/ reverquendo nos fayedos/ a pique d'afo-garse/ entre as foyas y el nadizo".

Discos



- Nestos últimos anos el panorama musical asturiano é un fervedoiro de grupos novos. Ún d'ellos é *Dulcamara*, que nacéu a fines del ano 2003, y acaba de sacar el sou primeiro disco, *Sali Lluña*, nel qu'incluin úa cántiga escrita na nosa fala.

Dulcamara son seis mozas del conceyo de Valdés –María Gavieiro, María Vázquez, Tatiana Fernández, Natalia Nuño, Carmen Trevías y Paula Cristóbal– concedoras del folclore asturiano al través da súa dedicación al baile y á pandereta. Basándose na tradición, ten el sou trabayo un aire novo, al amecer ás voces, ás panderetas y a os pandeiros, a guitarra, el baxo, el saxo, os teclaos ou el violín, entre outros instrumentos. Fain asina ritmos tan variaos como el jazz ou el rock.

É a vinculación familiar d'úa das compoñentes del grupo –Carmen Trevías– cúa terra d'Entrambasaguas, a responsable da lletra en llingua eonaviega del tema *Nosh*, úa composición que fala d'un amor que nun volvén.



• Asoleyouse *Fálala*, el primeiro trabayo discográfico del grupo de folk-pop Darbukka que, dende os sous empezos nel 2001, vén fendo actuacións pol occidente asturiano.

Formao por Enrique Alonso, Reinhol Börhne, Jorge Deaño, Rocío Fernández, Abel Pérez, Eva Rico y Julio Rodríguez, este grupo utiliza a fala como medio d'espresión nas súas letras. A maioría das cántigas tán compostas por ellos mesmos y noutros temas musican poemas d'autores del panorama da literatura eonavega d'antias y agora. É el caso de *Fálala*, poema da veigueña Belén Rico que da nome al disco y convida a usar a llingua nun xogo de palabras cuas notas musicales; ou d'outros poemas d'autores como Antolín Santos y Ana Vior.

Artículos

• Nel *Anuariu de la música asturiana* 2007 (L'aguañaz) publica el investigador y escritor Xosé Miguel Suárez Fernández el artículo "Folk y llingua nel extremo occidental d'Asturias", nel qu'analiza a presencia da música tradicional eonavega y del gallego-asturiano na produción discográfica asturiana.

El recorrido empeza na década dos oitenta, na que grupos como Trasgu, Llan de Cubel ou Ubiña incorporan nos sous discos pezas da zona occidental asturiana, y chega hasta os grupos más novos, como Darbukka ou Mezá, qu'amecen á súa música el compromiso cua llingua eonavega, na que tán as letras das súas cancións.

• Atopamos nel sumario del número 23 da revista d'etnografía *Asturies. Memoria encesa d'un país* –editada polla Fundación Belenos–, el artículo "Cortíos sin osos", de César Alonso Guzmán. Este naturalista pon en cuestión qu'os cortíos se fixesen pra defender os trobos dos ataques dos osos, apuntando como peligrosos muito más inmediatos outros anima-

les, el llume y os roubos. Nel texto fala tamén da presencia del oso na Serra da Bovia, y analiza os métodos modernos pra defender ás abejas de mamíferos y páxaros.

Teatro

• El teatro en gallego-asturiano tamén ten cabida nos encontros teatrales amaños na súa decimoprimer temporada pol IES "Elisa y Luis Villamil", da Veiga.

Na nosa fala ta programada el obra *A boda de Mari Pili*, del autor tapiego Tomás Niembro y llevada á escena pol grupo "Fonte da Virgen", de Tapia. A fecha da representación é el 9 de marzo.

Premio Xeira

En xunio de 2007 celebróuse nel auditorio da Casa de Cultura del Conceyo del Franco, Casa das Quintas, el acto d'entrega del XVI Premio Xeira de narracións curtias a Aurora Bermúdez Nava, pol relato *Tempo de dolor*, nel qu' el narrador enfréntase á enfermédá y á morte, reflexionando dende a primeira persona sobre úa esperiencia que trastoca el ritmo da súa vida.

Aurora Bermúdez, da Caridá, ta titulada en Maxisterio y é Esperta en Asturiano y en Gallego-Asturiano. As palabras que dixo nel acto foron úa declaración d'amor á llingua de sou; éste foi el remate:

De todas as riquezas qu'a humanidá atesoura escoyín as palabras, quedéime cua llingua, que me deixa espresarme, entender a os demáis y qu'os demáis m'entendan.

Porque cuas palabras vou conociendo el mundo, aprendo, medro, quero, y ás veces tamén choro, y fágolo na llingua qu'é de noso, de todos, fágolo na mía fala, en gallego-asturiano.

El programa incluía a representación del monólogo *Ir de compras* a cargo del actor Javier del Dios, del grupo "Juan Manuel Méndez", da Caridá, y a actuación del grupo folk *Mezá*, de Bual, que cantóu un peteiro de cancións propias escritas na nosa fala.

Por outra parte, a fines del ano que se foi fallóuse a XVII convocato-

ria d'este premio, que nesta ocasión ganóu Marisa López Diz, col relato titulado *A fiya del xastre*. A autora, que nacéu en Xixón, ten en Grandas as súas raíces familiares. Escritora tamén en asturiano –llingua dos poemarios *Tiempu de tristura* (1998) y *Poemes de carambelu* (2007)–, acaba de publicar outro llibro de poesía, *A terra esquecida*, en gallego-asturiano.

Xunto con Luis Suárez, Marisa López forma el dúo *Mestura*, que ten publicao el disco *Agua del norte*, nel que se xuntan trece temas col pouso da canción tradicional y d'autor, el fado y el pop en llinguas como el castellano, el portugués, el asturiano y el gallego-asturiano, llingua da canción "Días de cinza", na que s'evoca el dolor dos recuerdos con imáxenes da naturaleza que se van sucedendo.

Normalización social

• Como xa é costumbre, el Grupo de Montaña de Tapia "Club Deportivo Marqués de Casariego", informa en gallego-asturiano sobre as súas actividades. Os horarios, as fechas y a descripción das rutas, todo vai na nosa fala.

• Un ano más, a Asociación Cultural *Xeira* saca un calendario de mao na nosa fala, escoyendo pra illustrallo el dibuxo d'úas carretas ou rodellas.

• Nel ano 2007 parte dos actos de celebración del Día d'Asturias tuvieron como marco a villa de Navia. Por ese motivo, publicóuse un programa de mao en edición bilingüe, en gallego-asturiano y castellano, dando conta das numerosas actividades desarrolladas; entre ellas, úa feria del llibro y el disco asturianos, unde a literatura d'Entrambasaguas tuvo úa importante presencia.

